ACTA COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE

Sesión do 11 de decembro de 2014

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia de Ourense reúnense os membros da Comisión Garantía Interna de Calidade, o día xoves 11 de decembro de 2014, ás 16.30 horas, en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte:

ORDE DO DIA

1. **Aprobación da acta da sesión anterior.**
2. **Informe da Presidenta.**
3. **Aprobación Informe Anual de resultados curso 2013/2014.**
4. **Aprobación do Plan de Acción de Melloras (PAM).**
5. **Rogos e Preguntas.**

1. **Aprobación, da acta da sesión anterior.**

Apróbase, a acta sen ningún voto en contra.

2. **Informe da Presidenta.**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a falta da súa asistencia: María López Díaz (permiso oficial Congreso Madrid); Xulio Rodríguez González (recuperación quirúrxica); Pablo Sánchez Ferro (motivos personais).

- A alumna Marta López López deixa a representación na delegación de alumnos, e elo suporía a baixa tamén na Comisión de Garantía Interna de Calidade. O equipo decanal considera que a súa presenza na mencionada comisión é moi significativa polos coñecementos que ten sobre a Calidade. Por tal motivo falouse co representante dos alumnos egresados da comisión de garantía da calidade, Ángel López Domínguez, para comentarlle si aceptaría ser substituído por Marta López, e pareceulle ben. Pola tanto Marta López López pasa a ser a representante dos alumnos egresados e o alumno Xoel Díaz Alonso pasa a representar ao sector do alumnado.

■ A Decana comenta que co motivo das próximas eleccións a Decano/a, do día 16 de decembro, finaliza a súa presidencia na comisión de calidade, e aproveita para agradecer o esforzo e colaboración neste período asemesmo quere solicitar que se siga colaborando e traballando no novo período que comeza a partir do 17 de decembro.

■ Asimesmo, a Secretaria, María del Carmen Fernández Contreras, despídese dos membros da Comisión, xa que non vai continuar a súa tarea no vindeiro equipo.

3. **Aprobación Informe Anual de resultados curso 2013/2014.**

A decana cédelle a palabra neste punto a vicedecana Susana Reboreda Morillo, esta comenta que o documento, elaborado conxuntamente por Antonio Presedo, recolle un resumo e análise dos resultados máis significativos vinculados as accións do centro.

Apróbase sen ningún voto en contra.

4. **Aprobación do Plan de Acción de Melloras (PAM)**.

Aínda que no autoinforme de Seguimento do Grao de Xeografía e Historia esta Comisión xa aprobou o plan de melloras específico do título, no documento que axuntamos á convocatoria definimos o Plan Anual de Melloras que atane ao conxunto do Centro, que en moitos apartados é coincidente co do grao.

Apróbase sen ningún voto en contra.

5. **Rogos e Preguntas.**

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, e de todo dou fe como Secretaria.

A Decana

Beatriz Comendador Rey

A Secretaria

Mª del Carmen Fdez. Contreras

COMISIÓN INTERNA GARANTÍA DE CALIDADE

ORDINARIA

11/12 /2014

	ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
COMEDADOR REY, BEATRIZ	SI	
DÍAZ ALONSO, XOEL	SI	
FERNANDEZ CONTRERAS, Mª DEL CARMEN	SI	
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT		NO
LOPEZ DIAZ, MARÍA		SI
LOPEZ LOPEZ, MARTA	SI	
PRESEDO GARAZO, ANTONIO	SI	
REBOREDA MORILLO, SUSANA MARÍA	SI	
REAL LÓPEZ, ARTURO	SI	
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, XULIO		SI
SÁNCHEZ FERRO, PABLO		SI
UÑA ALVAREZ, ELENA DE	SI	